



PROPOSICIÓN SOBRE A MODIFICACIÓN DOS ORZAMENTOS DO ESTADO PARA GARANTIR AS PARTIDAS NECESARIAS PARA A EXECUCIÓN DA ESTACIÓN INTERMODAL, O ENLACE ORBITAL E A ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **PROPOSICIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 14 de xaneiro deste ano, fóra do prazo establecido, o Goberno de España presentou un proxecto de lei de Presupostos Xerais do Estado que foi cualificado de forma xeralizada como discriminatorio para Galicia.


En primeiro lugar, tal e como mesmo chegou a recoñecer o propio Banco de España, son unhas contas irreais e ficticias. Nelas, medra o gasto sen ingresos reais que o soporten. Así, por exemplo, prevén recaudar 20.000 millóns máis en impostos pese ao menor crecemento económico. Dentro desta suba masiva de impostos destaca o imposto ao diésel, cun grave efecto sobre un millón de condutores en Galicia. O mesmo se pode dicir da Seguridade Social, xa que o incremento das cotizacións sociais (está previsto que aumenten un 7,5%) afectará aos autónomos e aos traballadores por conta allea, repercutindo na creación de emprego.

E, se isto non fose suficiente, as contas do Goberno central penalizan á nosa Comunidade Autónoma.

En comparación co pasado ano, Galicia ve reducidos os fondos para investimentos nun -18%, ata quedarse en 757 millóns, o que supón a práctica paralización de proxectos comprometidos e estratéxicos para a comunidade galega. Mais esta redución non é debida, como aconteceu durante a crise, a un axuste xeneralizado do gasto e dos investimentos públicos. Todo o contrario, os fondos para Galicia baixan no contexto duns presupostos de expansión desorbitada do gasto e nos que, pola contra, outras comunidades ven incrementado dun xeito significativo o importe global dos seus investimentos, así en Cataluña medra nun +67% ou na Comunidade Valenciana nun +61%

Ao longo destes últimos anos os orzamentos do Estado permitiron enormes avances como a A-8 que xa está rematada e en servizo; a Autovía Santiago-Lugo con todos os treitos en servizo ou en obras; o Eixe Atlántico ferroviario que xa está en servizo entre A Coruña e Vigo; ou as obras do AVE que xa están encarando a súa recta final.

Sen embargo, as importantes minoracións neste proxecto de orzamentos reflíctense en partidas concretas como a ausencia de recursos suficientes para necesidades ferroviarias, as obras planificadas na AP-9 e importantes actuacións para novos tramos de circunvalación e autovías que agardan un impulso que as faga avanzar ou as infraestruturas hidráulicas destinadas á mellor ambiental da Comunidade Autónoma.



No caso do Concello de Santiago de Compostela, o esquecemento ou a falta de atención resulta patente en varias obras de gran calado nas que as partidas resultaron fortemente diminuídas, cando non directamente retiradas: é o caso da estación intermodal para a que non figura unha partida específica, a pesar da súa importancia e da necesidade de completar as obras para iniciar o Xacobeo 2021 cunha infraestrutura que ofrezca unha áxil interconexión de medios de transporte, acorde coas expectativas, con visión de futuro e, polo tanto, sen limitacións e condicionantes apriorístico que lastren a súa funcionalidade.

Outro tanto acontece co enlace orbital, que dispón do proxecto aprobado, co procedemento de expropiación dos terreos necesarios iniciado hai un ano e, a pesar diso, non conta cun só euro que garanta unha posible licitación e adxudicación (cando o ano pasado, sen dispoñer desa avanzada tramitación contaba con 8 millóns de euros, para un total de 26 millóns de euros).


Por último, a partida destinada ao saneamento de Santiago de Compostela, fundamentalmente para dotar á cidade dunha estación depuradora de augas residuais (EDAR), veu notablemente reducida a partida destinada en 2018, pasando dos 2,5 millóns de euros aos actuais 65.000 euros, unha cantidade tan reducida que fai cuestionar a posibilidade de contar canto antes con esta infraestrutura ambiental, para a que se prevé un montante total de 59,7 millóns de euros, da máxima urxencia para garantir a calidade dos vertidos que a depuradora actual é incapaz de tratar.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular do Concello de Santiago de Compostela, solicita ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Manifestar o rexeitamento desta Corporación ao proxecto de lei de Orzamentos Xerais do Estado para 2019 presentado polo Goberno de España, por ser irrealis e absolutamente discriminatorios para Galicia.
2. Instar aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e do Senado para que procedan á modificación destes Presupostos Xerais do Estado para 2019 de tal xeito que, cando menos, se manteña o nivel de investimento para Galicia recollido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado de 2018, e se inclúan as partidas suficientes para iniciar, continuar ou rematar as obras en ferrocarrís, autovías e estradas comprometidas e recollidas en presupostos anteriores.
3. En concreto, o Concello de Santiago de Compostela reclama que se contemple no orzamento do Estado para 2019:
 - A definición dunha partida específica que garanta a execución na súa integridade do proxecto da estación intermodal coa máxima celeridade posible (eliminando o apartado da cláusula 6ª que figura no convenio para a súa construción relativa ao compromiso do ADIF de que *"la ejecución de estas obras se iniciaría cuando el número de viajeros que utilicen los servicios ferroviarios en Santiago de Compostela alcance la cifra de 3.500.000 viajeros/año."*)

- A recuperación dunha partida suficiente para o enlace orbital entre AP-9 e A54 que permita a súa licitación e adxudicación no ano actual.
 - O incremento da cantidade para o saneamento de Santiago de Compostela, destinada, por unha parte, á construción da estación depuradora de augas residuais de Santiago de Compostela, para lograr o máximo avance na tramitación desta infraestrutura para que poida entrar en servizo canto antes; e, por outra, para acometer a obra do colector do río Sarela, con anualidade para o ano 2019 e seguintes, para o inicio inmediato desta obra asumida pola Administración do Estado.
4. Dar traslado destes acordos ao Goberno da Nación, aos grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados, do Senado e do Parlamento de Galicia, así como a Xunta de Galicia

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2019



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Municipal Popular

